

DECRETO DA ALCALDÍA 287/09

- Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 28/4/2009 aprobouse o expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación das obras de **“REASFALTADO DAS PISTAS DO CENTRO DE ACUÑA”** por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.
- Visto que con data de 26/5/2009 constituíuse a Mesa de contratación e esta, tendo en conta os aspectos de negociación e o informe técnico incorporado ao efecto, realizou proposta de adxudicación a favor de **D. José Angel Otero Cordeiro**.
- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 26/5/2009 polo que se determinou adxudicar provisionalmente o contrato a D. José Angel Otero Cordeiro.
- Visto que con data de 15/6/2009, o adxudicatario constituíu garantía definitiva por importe de 2592,67 €(dous mil cincocentos noventa e dous euros con sesenta e sete céntimos) e presentou os documentos xustificativos esixidos.
- Examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

Primeiro. Abocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

Segundo. Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras de **“REASFALTADO DAS PISTAS DO CENTRO DE ACUÑA”** en favor de D. José Angel Otero Cordeiro aprobada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 26/5/2009 e publicada no Perfil de Contratante do Concello de Vilaboa.

Terceiro. Notificar a adxudicatario do contrato, a presente Resolución e requirirille para a sinatura do contrato.

Carto Publicar a adxudicación definitiva do contrato no Perfil de contratante do Concello de Vilaboa.

Quinto Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Director Facultativo das Obras e a posterior comunicación de inicio das mesmas á autoridade laboral.

Sexto Ratificar este Decreto na vindeira Xunta de Goberno Local.

Vilaboa, 17 de xuño de 2009
O Alcalde

Jose Luis Poceiro Martínez